

O ENDL DO

CERTAME DE SKETCHS

microrelatos, monólogos, microteatro, etc., grabados en videos de ata 2 minutos de duración ou grabacións de audio da mesma duración, contando un conto, lenda, relato curto..., con motivo da celebración da semana da letras galegas, OU OUTRO MOTIVO DE FOMENTO E USO DO GALEGO,

COAS SEGUINTES

BASES

1. Convocatoria e participantes

O ENDL DO IES XOÁN MONTES DE LUGO convoca un CERTAME de SKETCHS, para alumnado de ESO e Bacharelato, matriculados no IES XOÁN MONTES.

2. Premios e condicións

Outorgaranse dous premios DE DISTINTA CONTIA EN MATERIALESCOLAR

3. Presentación de bosquexos.

Cada Alumno/a O GRUPO DE ALUMNOS/AS poderá presentar un só TRABALLO, que deberá ser orixinal, inédito e non premiado anteriormente. Cada bosquexo irá identificado co nome, apelidos e curso do autor/S. A entrega dos mesmos efectuarase por correo electrónico, na dirección

IES XOÁN MONTES DE LUGO

ies.xoan.montes@edu.xunta.es, indicando no asunto da mensaxe "CERTAME DE SKETCHS" Os convocantes reservanse o dereito de rexeitar aqueles bosquexos que atenten contra a dignidade persoal, colectiva ou inciten a violencia, a xenofobia, ou calquera tipo de discriminación ou resulten vexatorios...

4. Prazo de presentación

O prazo de presentación será dende o día 25 de abril AO 10 DE MAIO DE 2017

5. Tema.

O tema versará sobre o uso e a promoción da lingua galega no centro educativo e na sociedade.

6. Técnica

As grabacións serán enviadas ao correo do Instituto en formato video ou audio.

7. Xurado e fallo do

concurso

O xurado do Certame estará formado por tres membros da comunidade educativa. O xurado procederá á elección dos proxectos premiados.

Calquera das dúas categorías do certame poderá quedar deserta. O fallo do Certame será inapelable.

CONVOCA

A efectos do Certame o xurado valorará: a orixinalidade, calidade artística, dificultade de execución e fidelidade ao tema do Certame.

8. Dereitos de autor

Os traballos deberán respectar os dereitos de autor, polo tanto au final deberán aparecer, de se lo caso, os créditos das imaxes ou da música así como o nome do autor/a/s e o curso.

Os convocantes poderán reproducir os TRABALLOS PRESENTADOS nas súas páxinas web, nas súas publicacións, carteis, blogs, etc ou noutros soportes propagandístico ou informativos, aparecendo sempre autoría. Os participantes renuncian a calquera dereito de autor sobre os traballos presentados.

9. Aceptación das bases.

A participación na presente convocatoria obriga a aceptación destas bases. Tanto os organizadores como o xurado poderán interpretar estas bases en todos aqueles aspectos non previstos nas mesmas. Calquera modificación destas bases será anunciada debidamente.

10. Entrega de premios

A data e hora de entrega de premios será comunicada na Web do centro e no blog do ENDL "As Trasnadas do Xoán". nos taboleriros do Centro, etc